



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso Académico 2018 - 2019

TRABALLO DE FIN DE GRADO

**Novas oportunidades para a mellora da
empregabilidade en persoas con discapacidade
intelectual: Programas de formación
sociolaboral**

Lara Cancio Fernández

Febreiro 2019

Titores do traballo de Fin de Grado:

Sonia Seijas Ramos

Psicopedagoga, técnica na Unidade de Atención a Diversidade (ADI),

Universidade da Coruña

Betania Groba González

Terapeuta Ocupacional, profesora do Grao en Terapia Ocupacional,

Facultade de Ciencias da Saúde, Universidade da Coruña

Índice

Resumo	5
Resumen	6
Abstract.....	7
1. Antecedentes e estado actual da temática.....	8
1.1 Discapacidade intelectual e educación.....	8
1.2 Discapacidade intelectual e traballo	11
1.3 Iniciativas vinculadas á formación sociolaboral	13
1.4 Terapia Ocupacional, discapacidade intelectual e formación para a empregabilidade	14
2. Bibliografía relevante.....	17
3. Obxectivos.....	21
3.1 Xeral	21
3.2 Específicos	21
4. Metodoloxía.....	22
4.1 Tipo de estudo.....	22
4.2 Ámbito de estudo.....	22
4.3 Selección da mostra	25
4.4 Técnicas de recollida da información.....	26
4.5 Análise de datos	27
4.6 Procedemento	28
4.6.1 Procura bibliográfica.....	29
4.6.2 Deseño do proxecto	29
4.6.3 Solicitude do comité de ética.....	29
4.6.4 Acceso ao campo.....	30
4.6.5 Desenvolvemento do traballo de campo	30
4.6.6 Análise de datos.....	31
4.6.7 Informe final e difusión dos resultados	31
4.7 Aplicabilidade	31
5. Plan de traballo	33

6. Aspectos éticos – legais	34
7. Plan de difusión dos resultados.....	36
7.1 Revistas.....	36
7.1.1 <i>Revistas nacionais</i>	36
7.1.2 <i>Revistas internacionais</i>	36
7.2 Congresos	37
7.2.1. <i>Congresos nacionais</i>	37
7.2.2. <i>Congresos internacionais</i>	37
8. Financiamento da investigación	38
8.1. Recursos e presupostos necesarios.....	38
8.2. Posibles fontes de investigación.....	39
8.2.1. <i>Carácter Público</i>	39
8.2.2. <i>Carácter Privado</i>	39
9. Agradecementos	41
Apéndices	42
Apéndice I. Abreviaturas.....	42
Apéndice II. Competencias de “Espazo Compartido”	43
Apéndice III. Cuestionario para os proxectos	45
Apéndice IV. Guións de entrevistas.....	48
Apéndice V. Folla de información ao participante: Persoa con Discapacidade intelectual.....	51
Apéndice VI. Folla de información ao participante: Persoa de referencia da persoa con Discapacidade Intelectual	57
Apéndice VII. Folla de información ao participante: Profesionais	61
Apéndice VIII. Consentimentos informados.....	65
Apéndice IX. Documento de asentimento legal.....	67
Apéndice X. Autorizacións para a gravación en audio da entrevista	68

Resumo

Título. Novas oportunidades para a mellora da empregabilidade en persoas con discapacidade intelectual: Programas de formación sociolaboral.

Resumo. *Antecedentes.* Realízase unha aproximación as leis de educación e traballo que inclúan ou afecten as persoas con DI. Observase como o deseño do actual programa educativo non resolve as problemáticas coas que se encontran estas persoas, dificultándoselles aínda máis o acceso e permanencia ao mundo laboral. Neste contexto, nacen os diferentes programas de formación sociolaboral existentes no ámbito nacional.

Obxectivo. Contémpanse dous grandes obxectivos xerais, por un lado, analizar o contexto da situación actual a nivel nacional dos diferentes programas de formación sociolaboral para persoas con DI. Por outra lado, a un nivel local, valorar o impacto producido nos participantes de “Espazo Compartido” no referente a adquisición da autonomía e habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.

Metodoloxía. É un proxecto de investigación cunha metodoloxía mixta de tipo cuantitativo (estudo descritivo transversal) e de tipo cualitativo (estudo cun enfoque fenomenolóxico). Este, levarase a cabo en dúas fases: unha a nivel nacional e a outra local. Os participantes do estudo a nivel nacional serán as persoas que xestionan os distintos proxectos de formación sociolaboral a nivel nacional. A recollida de datos farase mediante un cuestionario. Os participantes da outra fase, serán os/as alumnos/as, as persoas de referencia do/a alumno/a e os profesionais implicados no programa “Espazo Compartido”. A técnica de recollida de datos será unha entrevista de deseño propio, para cada un dos grupos.

Palabras chave. Discapacidade intelectual, educación, postsecundaria, traballo, Espazo Compartido, Terapia Ocupacional.

Resumen

Título. Nuevas oportunidades para la mejora de la empleabilidad en personas con discapacidad intelectual: Programas de formación sociolaboral.

Resumen. *Antecedentes.* Se realiza una aproximación a las leyes de educación y trabajo que incluyan o afecten a las personas con DI. Se observa como el diseño del actual programa educativo no resuelve las problemáticas con las que se encuentran estas personas, dificultándosele aún más el acceso o permanencia al mundo laboral. En este contexto, nacen los diferentes programas de formación sociolaboral existentes en el ámbito nacional.

Objetivo. Se contemplan dos grandes objetivos generales, por un lado analizar el contexto de la situación actual a nivel nacional de los diferentes programas de formación sociolaboral para personas con DI. Por otro lado, a un nivel local, valorar el impacto producido en los participantes de “Espazo Compartido” en lo referente a la adquisición de la autonomía y habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.

Metodología. Es un proyecto de investigación con una metodología mixta de tipo cuantitativo (estudio descriptivo transversal) y de tipo cualitativo (estudio con un enfoque fenomenológico). Este, se llevará a cabo en dos fases: una nacional y otra local. Los participantes del estudio a nivel nacional serán las personas que gestionan los distintos proyectos de formación sociolaboral a nivel nacional. La recogida de datos se hará mediante un cuestionario. Los participantes de la otra fase, serán los/las alumnos/as, las personas de referencia del alumno/a y los profesionales implicados en el programa “Espazo Compartido”. La técnica de recogida de datos será una entrevista de diseño propio, para cada uno de los grupos.

Palabras clave. Discapacidade intelectual, educación, postsecundaria, trabajo, Espazo Compartido, Terapia Ocupacional.

Abstract

Title. New opportunities for the improvement of employability in people with intellectual disabilities: Social and labor training programs.

Abstract. *Background.* An approximation is made to education and labor laws that include or affect people with Intellectual Disability.. It is observed how the design of the current educational program does not solve the problems with which these people found, making it harder to access or permanence in the world of work. In this context are born the different social and labor training programs existing at the national level.

Objective Two general objectives are contemplated, on the one hand, to analyze the context of the current situation at the national level of the different social and labor training programs for people with Intellectual Disability. On the other hand, a local level, assess the impact produced in the participants of "Espazo Compartido" in relation to the acquisition of autonomy and skills necessary for effective work performance.

Methodology. It is a research project with a mixed methodology of quantitative type (cross-sectional descriptive study) and qualitative type (study with a phenomenological approach). This will be carried out in two phases: one at the national level and one at the local level. The participants of the study at the national level will be the people who manage the different socio-labor training projects. The data collection will be done through a questionnaire. The participants in the other phase, will be the students, the reference persons of the person with Intellectual Disability and the professionals involved in the "Espazo Compartido" program. The data collection technique will be an own design interview, a different one for each group.

Keywords. Intellectual Disability, education, postsecondary, work, Espazo Compartido, Occupational Therapy

1. Antecedentes e estado actual da temática

1.1 Discapacidade intelectual e educación

Ao facer un repaso da historia legislativa da educación na diversidade funcional, vemos como na constitución española, no seu artigo 27.1 recoñecese o dereito a educación de todos os españois (1), pero non foi ata decembro do ano 2006 cando na sede das Nacións Unidas en Nova York, se aprobou a Convención Internacional dos dereitos das persoas con discapacidade. No artigo 24 desta Convención, aparece por primeira vez reflexado, o dereito a ter unha educación inclusiva en todos os niveis de ensinanza ao longo de toda a vida (2).

No que se refire a España, viñéronse dando diferentes modelos de resposta educativa ata finalmente chegar a un modelo baseado nos principios da inclusión. Por educación inclusiva, entendese aquela na que o alumno/a que presenta algunha discapacidade sempre se encontra na aula ordinaria, garantíndose o acceso a un currículo común, aínda que se teñan en conta as distintas necesidades do alumnado (3). A inclusión educativa, polo tanto, aposta por ofrecer unha educación para todos/as, non centrada na persoa con discapacidade, senón na aula en xeral e na que o resto do alumnado vai aprender e enriquecerse da diversidade.

No ano 1970 na lei xeral de educación, expónse que se deben proporcionar oportunidades educativas á totalidade da poboación. Nesta totalidade, contemplábase por primeira vez, as persoas con discapacidade, pero faise dende unha perspectiva de segregación, afirmando que se farán unidades de educación especial en centros docentes para os “deficientes leves”, é dicir, daráselles unha formación nun centro ordinario pero separados e de forma paralela ao restos dos alumnos/as (4).

No ano 1985, o “Real Decreto de la Ordenación de la educación especial” empeza a contemplar a integración dos nenos e nenas con algunha discapacidade en centros ordinarios, isto é, que formen parte da aula ordinaria e se lles adapten os contidos ou o acceso aos mesmos, cando

sexa necesario. Ademais, establece que só accederán a centros específicos nos casos nos que no centro ordinario non lle poidan proporcionar os apoios ou adaptacións necesarias e durará unicamente o tempo que a inadaptación faga imposible a integración (5).

Posteriormente, tras pasar 20 anos dende a lei de educación de 1970, no ano 1990 reformulouse esta lei para adecualala á sociedade da época. No caso da educación especial, introdúcese o termo de necesidades educativas especiais (NEE)¹, considerando como tal, aqueles nenos/as que levan a cabo a súa escolarización en aulas ordinarias, precisan de apoios especiais e incluso algún tipo de adaptación curricular para superar dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe. Segue polo tanto, na mesma liña do real decreto anterior, perseguindo os principios de normalización (as persoas con diversidade funcional non deben utilizar nin recibir servicios excepcionais mais que nos casos estritamente imprescindibles) e de integración escolar (6).

Na lei orgánica de educación, no ano 2006, comezase a entender a educación das persoas con diversidade funcional baixo o principio de normalización e inclusión. Ademais, introduce o termo alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), onde non só se contempla as persoas con diversidade funcional, senón todos aqueles alumnos/as que polas súas condicións físicas, económicas, sociais... necesiten dun apoio educativo. Débese destacar que aparece contemplada unha nova formación superior, na que se inclúe o acceso as persoas con discapacidade, denominada Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI), formación destinada a facilitar a incorporación ao mundo laboral (7).

A lexislación vixente data do ano 2013 e nela séguense perseguindo eses principios de normalización e inclusión e incorpora mínimos aspectos a contemplar nas etapas posteriores da educación como que os


¹ No **Apéndice I. Abreviaturas**, pódense consultar as abreviaturas de todo o documento e o seu significado.

procedementos de admisión a universidade deben contar coas condicións de accesibilidade para as persoas con discapacidade; ou a aparición dos ciclos de Formación Profesional Inicial (FBP) que seguen a mesma liña dos PCPI (8).

No ano 2014 publicouse a Lei Xeral dos dereitos das persoas con Discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que considera que a persoas con discapacidade teñen dereito a unha educación inclusiva, de calidade, gratuíta e en igualdade de condicións cos demais (9).

Estas leis, a favor da educación inclusiva forman parte dun dos obxectivos das medidas estratéxicas sobre a educación e a formación na estratexia española de discapacidade 2012-2020. Nela faise referencia a impulsar as medidas concretas sobre o colectivo das persoas con discapacidade para garantir o cumprimento dos obxectivos de redución do abandono escolar e o aumento das persoas entre 30 e 34 anos que terminaran a educación superior (10). Case na finalización do período de esta estratexia, observase como ata o ano 2016 se logrou que nun 56,2 % as persoas con discapacidade entre 16 e 64 anos obtiveran titulacións de secundaria, pero en contraposición só un 15 % obtivo estudos superiores, datos que se mostran na Ilustración 1 (11).


Ilustración 1. Nivel de formación das persoas con discapacidade



Fonte: Elaboración propia a partires do documento: Odismet. Módulo 3. Educación y Formación Profesional (11)

Ademais, ao centrarnos nas persoas con DI, vemos que o tipo de discapacidade supón unha variable de gran influencia, posto que, a discapacidade visual alcanza ata un 24,4 % de persoas con formación superior, mentres que, nas persoas con DI non aparece rexistro porque apenas existen persoas con formación superior neste colectivo. Pódense consultar estes datos na Ilustración 2 (11).

Ilustración 2. Nivel de formación por tipo de discapacidade



Fonte: Elaboración propia a partir de: Odismet. Módulo 3. Educación y Formación Profesional (11)

1.2 Discapacidade intelectual e traballo

Ao igual que na educación, o ámbito do traballo nas persoas con DI tamén queda recollido en diferentes leis, nas que se afirma que todas as persoas independentemente das súas características, teñen o dereito a traballar. Por exemplo, así queda exposto na constitución española no artigo 35.1 (1) e na convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, no artigo 27 sobre emprego e traballo (2). Nesta última sinalase que os Estados partes deben garantir o exercicio de dereito ó traballo ás persoas con discapacidade adoptando as medidas pertinentes.

Actualmente, está vixente a LGD, que fai mención o dereito ó traballo e que unifica nun único texto legal as tres normas vixentes (LISMI, LIONDAU e a “Ley de Infracciones y sanciones”) que ata o ano 2014 eran as normativas existentes en materia de integración laboral das persoas con discapacidade

(9). Nela, aparecen recollidas os diferentes tipos de modalidades de emprego ao que pode acceder unha persoa con diversidade funcional, ademais de seguir recoñecendo a reserva de prazas para persoas con discapacidade, sendo o 2% nas empresas de máis de 50 traballadores (dato que se expoñía na anterior lei LISMI).

Así mesmo, na “Estrategia Española de Activación para el Empleo 2017-2020” contempla como un dos obxectivos estruturais, as actuacións encamiñadas a incentivar a contratación, creación e mantemento de emprego naqueles colectivos con maior dificultade de acceso ao mesmo, entre as que se inclúen as persoas con diversidade funcional (12).

A pesar desas leis mencionadas anteriormente e do esforzo por unha educación inclusiva que fomente a posterior inclusión no traballo, na “Encuesta de Integración Social y Salud” do ano 2012, a cal manexa os datos máis actualizados sobre discapacidade en España, refírese que existen distintas situacións da vida diaria nas que a poboación con discapacidade ve limitada a súa participación por condicións de saúde. Destaca, por exemplo, que se dificulta o acceso a un emprego adecuado nun 40,8%, a mobilidade para saír da casa (58,5%) e as actividades de ocio e culturais (69%) (13).

O emprego ocupa os primeiros postos influentes na calidade de vida do seu día a día e tras consultar datos máis actualizados sobre emprego, no “Informe del mercado de trabajo de las personas con discapacidad estatal”, do ano 2016, vese que a taxa de actividade das persoas con discapacidade non chega a alcanzar o 34% (14).

Estes datos pódense ver influenciados pola crise económica que se viviu anos anteriores en España, que fixo que a normativa dirixida ao colectivo das persoas con diversidade funcional non se puxera en práctica, pola clara incompatibilidade entre as condicións propostas nas leis e as esixencias produtivas do mercado de traballo. Débese destacar que esta situación acentuase no caso das persoas con DI ou enfermidade mental, debido aos estigmas e á maior discriminación que sofren estes colectivos (15).

1.3 Iniciativas vinculadas á formación sociolaboral

Con todo o exposto anteriormente, observamos como o deseño do actual programa educativo non resolve as problemáticas coas que se encontran estas persoas, posto que, moitas veces non alcanzan os coñecementos necesarios para un acceso ao mundo formativo superior ordinario ou incluso non chegan a titular. Isto fai que se lles dificulte aínda máis o acceso e permanencia no mundo laboral.

A consecuencia deste contexto, no ano 2004 e inspirándose noutras experiencias previas en países como Estados Unidos ou Canadá, xorde “The Promentor Program”, programa pioneiro en España co principal obxectivo de proveer educación superior a persoas con DI e promocionar o emprego en empresas ordinarias. O plan de estudos ten unha duración de dous anos e nel contéplanse materias do tipo: relacións interpersoais no traballo, planificación e organización, desenvolvemento de habilidades emocionais... materias que favorecerán a inclusión no mundo laboral (16).

Posteriormente, en setembro do ano 2013, nace no contexto da Universidade de Coruña un programa de características similares, sendo o primeiro a nivel do Sistema Universitario Galego, denominado “Espazo Compartido”. Este programa xurde coa colaboración da Universidade Andrés Bello de Chile e inspírase no seu programa: “Diploma de habilidades laborales específicas”. A duración do programa é de dous anos, divididos en catro semestres académicos, aínda que, actualmente valoran ampliar a formación a tres anos, para unha maior adaptación dos alumnos ao sistema universitario. Ademais, é destacable o feito de que os docentes do programa son profesores regulares da facultade, que foron seleccionados porque teñen experiencia con alumnado con NEE (17).

“Espazo Compartido” é un programa promovido pola Universidade da Coruña de formación en habilidades persoais, sociais e competencias básicas, para a empregabilidade e a inclusión laboral da mocidade con discapacidade cognitiva. O seu obxectivo principal é incluír persoas con discapacidade cognitiva no espazo formativo universitario. O programa

pretende, en última instancia, que os estudantes avancen na construción dunha auto imaxe positiva e dun proxecto de vida que lles permita desenvolverse de maneira autónoma (18).

As demandas dos cidadáns, mais en concreto deste colectivo con DI, fixo que xurdiran en todo o territorio español , diferentes proxectos e programas das mesmas características de “Espazo Compartido”. Recoñecerlos e analizalos será parte deste traballo de investigación para coñecer en profundidade as súas características e efectividade para lograr a inclusión laboral.

En “Espazo Compartido” contemplase dentro do perfil de alumno tanto a aqueles con DI como aqueles que teñen algunha Discapacidade Cognitiva (DC), tal e como establecía o proxecto de Chile no que está inspirado. Non ocorre o mesmo cos distintos proxectos que se están a realizar en España, nos cales só aparecen reflexados como posibles participantes as persoas con DI. Por esta razón, ó longo de todo o documento referirémonos principalmente a DI e será este o termo de procura de referencia para a bibliografía deste traballo.

1.4 Terapia Ocupacional, discapacidade intelectual e formación para a empregabilidade

Existen múltiples definicións para a profesión da Terapia Ocupacional (TO), pero é necesario escoller unha delas para contextualizar a práctica desta disciplina no ámbito da DI. A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) defínea como “unha profesión que se ocupa da promoción da saúde e do benestar a través da ocupación. O seu principal obxectivo é capacitar as persoas para participar nas actividades da vida diaria”(19).

Como se indica anteriormente, na TO é primordial o uso da ocupación. A WFOT define a ocupación como “actividades cotiás que as persoas fan como individuos, nas familias e coas comunidades para ocupar o tempo e aportar significado e propósito a vida. As ocupacións inclúen aquelas cousas que as persoas necesitan, desexan e se espera que fagan” (20) En

relación a ocupación aparecen as denominadas áreas da ocupación que inclúen as seguintes categorías: actividades básicas da vida diaria, actividades instrumentais da vida diaria, descanso e soño, traballo, xogo, ocio e participación social (21).

Polo tanto, o ámbito de actuación do terapeuta ocupacional abrangue todas estas áreas, sempre e cando, a persoa presente dificultades ou risco de presentalas no desempeño destas ocupacións. Neste caso, o traballo de investigación céntrase na formación para a empregabilidade das persoas con DI.

A evidencia científica acerca da figura do terapeuta ocupacional nesta área é case inexistente no ámbito nacional. Encontramos un estudo que aporta unha visión da actuación deste profesional coas persoas con DI, entendendo que a capacitación laboral destas persoas é un aspecto a abordar polos terapeutas ocupacionais, facilitando actividades que lles permitan desenvolver as habilidades, hábitos e destrezas laborais, así como, capacitalos para poder encontrar un equilibrio entre o individuo e o posto de emprego (22).

No contexto universitario, na Facultade de Ciencias da Saúde, existen traballos de fin de grado que exploraron o emprego das persoas con DI (23,24) As conclusións refiren diferenzas importantes en canto o acceso e mantemento do emprego nesta poboación ao compararse coa poboación sen discapacidade. Unha das principais barreiras para acceder ao emprego identificouse como a desigualdade para participar na formación superior.

No ámbito internacional, existen experiencias en Xapón, afirmando que o terapeuta ocupacional pode axudar a adquirir un emprego estable, acelerando a súa adaptación ao lugar de traballo (25). Por outra banda, en Estados Unidos atopamos estudos que se centran nos procesos de transición a vida adulta; afirmando que o terapeuta ocupacional traballaría para maximizar a independencia nas áreas de educación, emprego e participación na comunidade (26). Na súa intervención identificaríanse as fortalezas e necesidades dos mozos/as, desenvolvendo obxectivos

individualizados, implementando apoios funcionais para chegar a eses obxectivos e preparándoos, en definitiva, para a etapa posterior a educación secundaria (27).

Segundo na mesma liña, neste país, a concepción do emprego nas persoas con DI avanzou ata a consecución de plans de transición, realizados por un equipo interdisciplinar que se ocupa de todos os procesos de transición ao longo da vida, comezando en atención temperá e chegando á vida adulta. Segundo a AOTA, a figura do terapeuta ocupacional nestes equipos é unha peza chave que axuda a promover as habilidades funcionais do estudante e a súa participación nas rutinas diarias (28).

Non se encontrou evidencia científica especificamente da labor profesional do terapeuta ocupacional en programas universitarios de formación sociolaboral, como é o caso de “Espazo Compartido”. Por tanto, esta ausencia de evidencia científica suxire a idea de investigar acerca da percepción que teñen os implicados no programa sobre dita profesión e si a relacionan coa autonomía e a adquisición de habilidades necesarias para a consecución dun emprego.

2. Bibliografía relevante

1. Constitución Española [Internet]. España: Boletín Oficial del Estado; p. 51. Available from: <https://www.boe.es/legislacion/documentos/ConstitucionCASTELLANO.pdf>
2. Convención sobre los derechos de las personas con discapacidad y protocolo facultativo [Internet]. 2006. Available from: <http://www.un.org/disabilities/documents/convention/convoptprot-s.pdf>
3. García Rubio J. Evolución legislativa de la educación inclusiva en España. Rev Nac e Int Educ Inclusiva [Internet]. 2017;10(1):251–64. Available from: <http://www.revistaeducacioninclusiva.es/index.php/REI/article/viewFile/271/286>
4. Ley 14/1970, de 4 de Agosto, General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa [Internet]. España: Boletín Oficial del Estado; 1970 p. 12525–46. Available from: <https://www.boe.es/boe/dias/1970/08/06/pdfs/A12525-12546.pdf>
5. Real Decreto 334/1985, de 6 de Marzo, de ordenación de la Educación Especial. [Internet]. España: Boletín Oficial del Estado; 1985 p. 6917–20. Available from: <https://www.boe.es/boe/dias/1985/03/16/pdfs/A06917-06920.pdf>
6. Ley Orgánica 1/1990, de 3 de Octubre, de Ordenación General del Sistema Educativo. [Internet]. España: Boletín Oficial del Estado; 1990 p. 28927–42. Available from: <https://www.boe.es/boe/dias/1990/10/04/pdfs/A28927-28942.pdf>
7. Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. [Internet]. España: Boletín Oficial del Estado; 2006 p. 110. Available from: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-7899-consolidado.pdf>
8. Ley Orgánica 8/2013, del 9 Diciembre, para la mejora de la calidad educativa [Internet]. España: Boletín Oficial del Estado; 2013 p. 63. Available from: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2013/BOE-A-2013-12886-consolidado.pdf>
9. Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de Noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social. [Internet]. España: Boletín Oficial del Estado; 2013 p. 44. Available from: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2013/BOE-A-2013-12632-consolidado.pdf>
10. Estrategia española sobre discapacidad 2012-2020 [Internet]. España; 2011. Available from: http://sid.usal.es/idocs/F8/FDO26112/Estrategia2012_2020.pdf
11. Educación y formación profesional [Internet]. 2016. Available from: <http://www.odismet.es/es/datos/3educacin-y-formacin->

- profesional/301personas-con-discapacidad-de-16-a-64-aos-por-nivel-de-formacin/3-29/
12. Real Decreto 1032/2017, de 15 de Diciembre, por el que se aprueba la Estrategia Española de Activación para el Empleo 2017 - 2020. [Internet]. España: Boletín Oficial del Estado; 2017 p. 124186–217. Available from: <https://www.boe.es/boe/dias/2017/12/16/pdfs/BOE-A-2017-14858.pdf>
 13. Piñar Mañas, Jose Luís; Vera Jurado, Diego José; Moreno Molina, José Antonio; Corral Sastre A. Libro blanco sobre acceso e inclusión en el empleo público de las personas con discapacidad [Internet]. Primera Ed. Madrid: Instituto Nacional de Admistración Pública; 2015. Available from: <https://www.cermi.es/sites/default/files/docs/colecciones/LibroBlancoPcD.pdf>
 14. Informe del Mercado de Trabajo de las Personas con Discapacidad. Datos 2016 [Internet]. Madrid; 2017. Available from: http://www.sepe.es/contenidos/que_es_el_sepe/publicaciones/pdf/pdf_mercado_trabajo/imt2017_datos2016_estatal_discapacidad.pdf
 15. Díaz Velázquez E. Nuevas dinámicas de desigualdad y exclusión sociolaboral durante la crisis económica en España. Rev Chil Ter Ocup [Internet]. 2014;14(2):27–44. Available from: <https://docplayer.es/18440876-Nuevas-dinamicas-de-desigualdad-y-exclusion-sociolaboral-de-las-personas-con-discapacidad-durante-la-crisis-economica-en-espana.html>
 16. Izuzquiza Gasset, Dolores; Rodríguez Herrero P. Inclusion of people with intellectual disabilities in university. Results of the promotor program (UAM-PRODIS, Spain). Siglo Cero [Internet]. 2017;47(4):27–43. Available from: https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/680758/inclusion_izuzquiza_sc_2016.pdf?sequence=1&isAllowed=y
 17. Illanes Aguilar, Lucía; Von Furstenberg Letelier MT. Implementación de un programa de inclusión a la educación superior de jóvenes con necesidades educativas especiales por discapacidad cognitiva en la Universidad Andrés Bello Implementation of a inclusion program to a university environment. Perspect Educ [Internet]. 2012;51:72–90. Available from: <http://www.perspectivaeducacional.cl/index.php/peducacional/article/view/File/111/44>
 18. Espazo Compartido. Programa universitario de formación socio laboral para personas con discapacidad cognitiva [Internet]. Available from: <https://www.udc.es/gl/cufie/ADI/EspazoCompartido/>
 19. Definitions of occupational therapy from member organisations [Internet]. 2017. Available from: https://fabble.cc/uploads/attachment/content/14089/WFOT_Definitions_2017_updated_June_2017.pdf

20. About occupational therapy [Internet]. World Federation of Occupational Therapist. [cited 2019 Jan 7]. Available from: <https://staging.wfot.org/about-occupational-therapy>
21. Occupational Therapy Practice Framework: Domain and Process. *Am J Occup Ther.* 2014;68(1–48).
22. Cuairán Yeregui, Olga; Laparra Alguacil, Ioana; Arnedo Villanueva, Ana; Loitegui Baciero A. Terapia Ocupacional en discapacidad intelectual. *Rev Ter Ocup Galicia* [Internet]. 2009;6(4):391–409. Available from: <http://www.revistatog.com/suple/num4/discapacidad.pdf>
23. Concheiro P. Estudio sobre el impacto del trabajo y las medidas de acción positiva en la vida de las personas con discapacidad intelectual: una aproximación cualitativa . [Internet]. Universidad de A Coruña; 2016. Available from: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/17199/ConcheiroMoscoso_Patricia_TFG_2016.pdf?sequence=2&isAllowed=y
24. Morán Tenreiro A. Discapacidad intelectual y empleo: situación actual y perspectiva personal, profesional y empresarial. Universidad de A Coruña; 2012.
25. Arikama, Mayumi; Goto, Hideki; Mineno K. Job support by occupational therapists for people with developmental disabilities: Two case studies. *Work.* 2013;45:245–51.
26. Andrew M.I. Lee JD. IEP Transition Planning: Preparing for Young Adulthood [Internet]. Understood. [cited 2019 Jan 26]. Available from: <https://www.understood.org/en/school-learning/special-services/ieps/iep-transition-planning-preparing-for-young-adulthood>
27. Kertcher E, Otr L, Hill C, Carolina N. Postsecondary Education for Students With Intellectual Disabilities : An Emerging Practice Area for Occupational Therapy Practitioners. *OT Pract.* 2014;19(21):9.
28. Transitions for Children and Youth. How Occupational Therapy Can Help [Internet]. Maryland; 2018. Available from: <https://www.aota.org/-/media/Corporate/Files/AboutOT/Professionals/WhatIsOT/CY/Fact-Sheets/Transitions.pdf>
29. Novío Mallón S, Núlñez Iglesias MJ, Freire-Garabal Núlñez M. Investigación en Ciencias de la Salud. Metodología básica. USC editor. Santiago de Compostela; 2016.
30. Convocatoria para el desarrollo de programas universitarios de formación para el empleo dirigidos a jóvenes con discapacidad intelectual inscritos en el Sistema de Garantía Juvenil [Internet]. España; 2018. Available from: https://www.fundaciononce.es/sites/default/files/convoc_programa_discapacidad_intelectual_cursos_universitarios_2018_2019def.docx_0.pdf
31. Espazo Compartido. Programa universitario de formación sociolaboral para personas con discapacidad cognitiva. [Internet]. Universidad de A

- Coruña. 2018 [cited 2019 Jan 11]. Available from: <https://www.udc.es/gl/cufie/ADI/EspazoCompartido/>
32. Seija Ramos, Sonia; Fociños Fernández D. Espazo Compartido: Repensando el diseño de un programa formativo para personas con discapacidad cognitiva en la UDC. In A Coruña; 2018. p. 10.
 33. Espazo Compartido. Memoria de seguimiento - curso 2016/2017. A Coruña; 2017.
 34. G. León, Orfelio; Montero I. Métodos de investigación en psicología y educación. Las tradiciones cuantitativa y cualitativa. 4º. Madrid: Mc Graw - Hill; 2015. 643 p.
 35. Arantzamendi, María; López-Dicastillo, Olga; Vivar CG. Investigación cualitativa. Manual para principiantes. Eunate, editor. Navarra; 2012. 228 p.
 36. Declaración de Helsinki de la Asamblea Médica Mundial - Principios éticos para las investigaciones médicas en seres humanos [Internet]. 2013. Available from: <http://www.isciii.es/ISCIII/es/contenidos/fd-investigacion/fd-evaluacion/fd-evaluacion-etica-investigacion/Declaracion-Helsinki-2013-Esp.pdf>
 37. Reglamento (UE) 2016/679 del parlamento europeo y del consejo de 27 de Abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos. [Internet]. Diario Oficial de la Unión Europea; 2016 p. 88. Available from: <https://www.boe.es/doue/2016/119/L00001-00088.pdf>
 38. Ley orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales. 294 España; 2018 p. 119788–857.
 39. Forn de Zita C. Código de ética [Internet]. 2013. Available from: <http://ocupacionalmente.com/wp-content/uploads/2016/11/codigo-de-etica.pdf>
 40. Código Deontológico de Terapia Ocupacional [Internet]. 2000. p. 1–14. Available from: <https://xuntosblogto.files.wordpress.com/2015/03/cedto-para-revisic3b3n-de-las-organizaciones-de-to-de-espac3b1a.pdf>

3. Obxectivos

3.1 Xeral

Este proxecto contempla dous grandes obxectivos xerais:

- Analizar o contexto da situación actual a nivel nacional dos diferentes programas de formación sociolaboral para persoas con DI.
- Explorar o impacto producido nos participantes de “Espazo Compartido” da Universidade da Coruña, no referente a adquisición da autonomía e habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.

3.2 Específicos

Os obxectivos específicos considerados son os seguintes:

- Analizar os distintos programas universitarios para a formación sociolaboral das persoas con DI a nivel estatal.
- Coñecer as percepcións das persoas con DI, acerca de como inflúe o programa “Espazo Compartido” na adquisición de autonomía e habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.
- Coñecer as percepcións das familias acerca de como inflúe o programa “Espazo Compartido” nos participantes, no referente a adquisición de autonomía e habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.
- Coñecer as percepcións dos profesionais que participen no programa acerca de como inflúe nos participantes de “Espazo Compartido” a adquisición da autonomía e habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.

4. Metodoloxía

4.1 Tipo de estudo

O presente estudo, trátase de un proxecto de investigación no que se empregará unha metodoloxía mixta de tipo cuantitativo (estudo descritivo transversal) e de tipo cualitativo (estudo cun enfoque fenomenolóxico).

Na parte cuantitativa da investigación trátase dun estudo descritivo transversal. Os estudos descritivos son estudos observacionais, que poden ser transversais ou lonxitudinais. Neste caso, tratase dun estudo transversal, xa que se estuda o fenómeno nun momento dado e non se segue no tempo. Caracterízanse por carecer de grupo de comparación e por ser estudos nos que a información sóese obter a partir de datos existentes (29).

Por outro lado, a metodoloxía de investigación cualitativa capta as características específicas da realidade humana inaccesibles a través dun enfoque cuantitativo, tales como a moralidade, a liberdade ou o significado de accións cotiáns (29). Dentro deste tipo de estudo, elixiuse un enfoque fenomenolóxico que permite aproximarse ao que a xente experimenta en relación co fenómeno de estudo e a como interpretan ditas experiencias.

Polo tanto, optouse por un tipo de metodoloxía mixta porque se pretende así obter unha visión máis global e contrastada da temática de estudo. Este tipo de metodoloxías de investigación son complementarias, xa que estudan un mesmo fenómeno dende distintos enfoques (29).

4.2 Ámbito de estudo

O ámbito de estudo é diferente en función da fase do estudo. O traballo de investigación levarase a cabo en dúas fases, desenvolvéndose unha das fases a nivel nacional e a outra, a nivel local.

No contexto nacional, o ámbito de estudo serán os proxectos universitarios existentes en España en referencia a formación sociolaboral para persoas con DI, que forman parte da *“Convocatoria de ayudas para programas*

universitarios de formación para el empleo a jóvenes con discapacidad intelectual, inscritos en el sistema de Garantía Juvenil” do curso 2018-2019, do cal forma parte o proxecto “Espazo Compartido” (30). Esta tratase dunha bolsa de axudas subvencionada pola Fundación Once, cuxo obxectivo principal é contribuír a plena inclusión social das persoas con discapacidade, axudando a facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades e non discriminación.

En total, contarase con 22 entidades participantes (Táboa I), xa que só se consideraron aquelas que obtiveron unha cualificación favorable na convocatoria.

Táboa I. Programas universitarios de formación para o emprego a mozos/as con DI

Programas universitarios de formación para o emprego	
1. Universidade de Alcalá	2. Universidade d’Alacant
3. Universidade de Almería	4. Universidade de Burgos
5. Universidade Camilo Jose Cela	6. Universidade de Cantabria
7. Universidade de Castilla – la Mancha	8. Universidade Ceu San Pablo
9. Universidade de Extremadura	10. Universidade de Granada
11. Universidade de Jaén	12. Universidade de A Coruña
13. Universidade de Málaga	14. Universidade Miguel Hernández
15. Universidade de Murcia	16. Universidade Pablo Olavide
17. Universidade Politécnica de Madrid	18. Universidade Pública de Navarra
19. Universidade Rey Juan Carlos	20. Universidade Rovira y Virgili
21. Universidade de Salamanca	22. Universidade de Valencia

Por outra banda, a nivel local, o ámbito de estudo circunscribe ao programa “Espazo Compartido” da Universidade da Coruña. Este programa tratase dun Curso de Formación Específica de Posgrao bienal, impartida en catro cuatrimestres, de 72 créditos ECTS e polo que o alumnado recibirá un diploma de formación específica de posgrao en habilidades sociolaborais para persoas con discapacidade cognitiva (31). Para acceder

o programa as persoas con DI ou DC, deben de cumprir unha serie de criterios, que se expoñen na Táboa II.

Táboa II. Criterios de acceso a Espazo Compartido

Criterios para acceder ao programa de “Espazo Compartido”	
Ser maior de 18 anos	Non presentar problemas significativos de saúde mental
Ter esgotada a etapa escolar	Posuír competencias básicas tales como: lectura, escritura e cálculo
Ter unha cualificación de discapacidade cognitiva igual ou superior ao 33%	Ter autonomía persoal
Demostrar unha conduta social axustada	No ter superado as probas de acceso á universidade

Ao longo destes anos, o formato do programa foi cambiando adecuándose as demandas e necesidades que xurdiron dos propios estudantes e do contexto no que se situaba. Finalmente, para a promoción do 2017-2019 remodelouse o programa formativo, empezando a utilizar un sistema baseado nas competencias. Así, organizouse o programa en base a 10 competencias que os alumnos/as debían comprender, saber e ser capaces de aplicarlas ao rematar a acción formativa.(32). As competencias son as seguintes: Xestión do tempo, xestión do entorno, xestión do diñeiro, identidade e autoconecemento, autonomía, iniciativa para a acción, traballo en equipo, comunicación, aprender a aprender e competencia tecnolóxica /dixital. Pódense consultar de maneira ampliada con cadansúa explicación no **Apéndice II. Competencias de “Espazo Compartido”**.

Nestas continuas melloras do programa tamén se inclúen para os días venres, os talleres complementarios, que mellorarán a formación do alumnado na índole persoal. As temáticas dos talleres, no primeiro ano son as seguintes: afectividade e sexualidade, club de lectura, identidade dixital, robótica, fotografía e música. No segundo ano, a temática do taller enfocarase ao longo de todo o curso no ámbito do emprendemento (33).

4.3 Selección da mostra

Para extraer a información para o estudo, establecéronse catro grupos de participantes, os cales, se describen a continuación:

O grupo I confórmano todas as persoas xestoras dos programas de formación a nivel nacional (Táboa III).

Táboa III. Criterios de inclusión/exclusión Grupo I

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<ul style="list-style-type: none"> • Persoa responsable dun proxecto de formación sociolaboral para as persoas con DI no ámbito estatal. • Firma do consentimento informado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non estar disposto a responder ao cuestionario. • Docentes implicados nos distintos proxectos. • Proxectos estranxeiros de formación sociolaboral para persoas con DI.

O grupo II de participantes correspondese coas persoas con DI (Táboa IV).

Táboa IV. Criterios de inclusión/exclusión Grupo II

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<ul style="list-style-type: none"> • Presentar un diagnóstico de DI. • Pertencer ao programa "Espazo Compartido" • Cumprir os requisitos de acceso ao programa. • Firma do consentimento informado. • Consentir a gravación da entrevista. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ter dificultades significativas na comprensión e expresión verbal que imposibiliten a realización da entrevista. • Non mostrar interese ou mostrar oposición a participar no estudo. • Persoas con incapacidade legal recoñecida, nos que a familia non da o consentimento para participar nas entrevistas.

O grupo III do estudo refírese aos familiares, representantes legais e/ou as persoas de referencia da persoa con DI (Táboa V). Enténdese este último termo como aquelas persoas máis próximas coas que o suxeito en cuestión

pasa a maior parte do seu día a día (avós, cuidador...), non tendo que ser necesariamente os proxenitores.

Táboa V. Criterios de inclusión/exclusión Grupo III

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<ul style="list-style-type: none"> • Ser unha persoa de referencia na vida das persoas con DI. • Convivir habitualmente coa persoa con D.I. • Firmar o consentimento informado. • Consentir a gravación da entrevista. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non mostrar interese en participar no estudo.

Por último, o grupo IV aporta información dos criterios de inclusión e inclusión dos profesionais implicados no proxecto “Espazo Compartido” (Táboa VI).

Táboa VI. Criterios de inclusión/exclusión Grupo IV

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<ul style="list-style-type: none"> • Profesionais que imparten a docencia a diario ou persoal de dirección e administración do proxecto. • Firma do consentimento informado. • Consentir a gravación da entrevista. 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesionais implicados nos talleres complementarios, xa que só están un día en contacto coas persoas con DI. • Non presentar interese por participar no estudo.

4.4 Técnicas de recollida da información.

Este traballo emprega técnicas de recollida de datos da información cuantitativa (cuestionario) e técnicas para a recollida de información cualitativa (entrevista semiestructurada e caderno de campo)

Para a parte cuantitativa utilizarase un cuestionario, ferramenta de recollida de información onde as cuestións están fixadas, as preguntas e as respostas están previamente establecidas e onde a persoa só ten que elixir aquelas que reflexan a súa forma de pensar ou sentir (34). O cuestionario, dirixido aos diferentes proxectos de formación sociolaboral a nivel nacional é de

deseño propio e conta cun total de 15 preguntas pechadas que se pode consultar no apéndice III.

Por outra banda, para a parte cualitativa, a técnica de recollida de información é a entrevista semiestructurada, coa que se pretende cubrir un conxunto de temas particulares e con ese fin utilízase unha guía temática que se aborda con cada un dos participantes (35). Estas entrevistas son de deseño propio e recollen preguntas que permiten explorar a percepción de “Espazo Compartido” por parte dos diferentes grupos de participantes.

Débase destacar que para cada un dos grupos de participantes (persoas con DI, persoas de referencia e profesionais implicados) redactouse un guión de entrevista diferente, tendo en conta a información que se pretendía obter de cada un dos grupos. Estes guións de entrevista pódense consultar no apéndice IV.

Ademais, para garantir que se transcribe correctamente a información aportada polos participantes, a entrevista será gravada en audio.

A entrevistadora utilizará outra técnica de recollida da información, denominada caderno de campo, onde anotará aqueles datos ou aspectos da entrevista e do proceso da investigación que sexan relevantes.

4.5 Análise de datos

Tendo en conta que se trata dun estudo mixto o proceso de análise farase de maneira diferente en función do tipo de información recollida.

Para o análise dos datos da parte cuantitativa, primeiramente codifícanse as variables para poder analízalas co SPSS, asignándolles números a cada unha delas. Posteriormente, terase en conta que as medidas que se realizarán cos datos obtidos da enquisa poden ter moi distintos niveis de complexidade, dependendo dos intereses do investigador e da natureza dos datos (34). Así, para as variables cuantitativas realizaranse cálculos da media e a desviación típica e para as variables cualitativas utilizaranse frecuencias e porcentaxes. Tamén se realizarán táboas de continxencia

para comparar as variables e establecer diferencias entre os diferentes programas de formación sociolaboral.

Na parte cualitativa, primeiramente, transcribíranse as entrevistas utilizando un sistema de codificación previamente definido que reflexe os aspectos cualitativos da entrevista (maiúsculas, parénteses, corchetes...). Deste xeito, por exemplo, utilizaranse as maiúsculas para expresar un incremento notable da voz, dobres parénteses para as aclaracións do transcritor ou transcritora, puntos entre parénteses que denotan un tempo de silencio, unha frase entre os símbolos dos grados centígrados indicando que ese fragmento se dixo en voz moi baixa, etc. (34)

En todo momento, para garantir o anonimato e a privacidade dos participantes na investigación, eliminarase a referencia a persoas, lugares ou calquera elemento que permita a identificación destas persoas. Por este motivo, a cada entrevista persoal asignaráselle un código alfanumérico, cun número correlativo: “PDI” para as persoas con DI, “REF” para as persoas de referencia das persoas con DI e “PRO” para os profesionais.

Logo procederáse a facer un análise dese contido, entendendo como tal, aquela estratexia que trata de encontrar unidades de significado temático dentro dun texto que permitan facer algún tipo de inferencia sobre os participantes do mesmo. Este análise farase de xeito indutivo, no que se xerarán unha serie de etiquetas en referencia aos pensamentos e opinións dos entrevistados e, finalmente, serán agrupadas por categorías de significado (34). Todo o análise desta información cualitativa farase a través do software Atlas-ti (versión 8.0).

4.6 Procedemento

O presente traballo de investigación terá unha duración de 16 meses, estendéndose dende Setembro do 2018 ata Decembro do 2019.

4.6.1 Procura bibliográfica

Primeiramente, realizouse unha aproximación bibliográfica da temática a tratar, que se estendeu os cinco meses seguintes ata completar o deseño do proxecto.

Para a procura bibliográfica comezouse por bases de datos científicas, como Pubmed, Scopus e Web of Science e utilizáronse principalmente os termos clave descritos para o estudo: Discapacidade intelectual, educación, universidade, postsecundaria e Terapia Ocupacional.

Utilizouse terminoloxía Mesh e fíxose uso dos operadores booleanos “AND” e “OR”, posto que, se entendía que termos como educación e universidade debían ser termos complementarios.

Finalmente, os termos de procura seleccionados foron os seguintes: ("Intellectual Disability"[Mesh]) AND ("Education"[Mesh] OR "Universities"[Mesh] OR "Postsecondary"))

Posteriormente, introduciuse o termo “Occupational Therapy” para obter información acerca do traballo deste profesional no ámbito das persoas con DI e a educación.

A maiores da procura nestas bases de datos, tamén se utilizou bibliografía do Servizo da Biblioteca Universitaria da Coruña, así como consulta de webs especializadas e diferentes leis e normativa xurídica acerca das persoas con DI.

4.6.2 Deseño do proxecto

Xunto con esta procura bibliográfica, durante estes meses, tamén se deseñou o proxecto, no que se expuxeron os obxectivos e xustificación do traballo de investigación que se vai realizar.

4.6.3 Solicitude do comité de ética

Remitírase unha solicitude ao “Comité Autonómico de Ética de la Investigación de Galicia” (CAEIG) para que aprobe o desenvolvemento do proxecto, sempre e cando sexa pertinente, idóneo e acorde aos principios

éticos da Declaración de Helsinki e as normas de boa práctica en investigación con seres humanos (36).

4.6.4 Acceso ao campo

A continuación, durante os meses de Marzo, Abril e Maio do 2019 producírase o acceso ó campo, que se divide en dúas fases: Unha de ámbito nacional (parte cuantitativa) e outra de ámbito local (parte cualitativa).

Para acceder a mostra da parte cuantitativa, contactárase vía e-mail e enviaráselles unha folla coa información do estudo, un consentimento informado, así como, o propio cuestionario a todas aquelas universidades que formaban parte da *“Convocatoria de ayudas para programas universitarios de formación para el empleo a jóvenes con discapacidad intelectual, inscritos en el sistema de Garantía Juvenil”*, do cal forma parte o proxecto *“Espazo Compartido”*.

O acceso ao campo da parte cualitativa, correspondente coa mostra de Espazo Compartido, farase mediante a unidade de atención a diversidade (ADI) da Universidade da Coruña que permitirá poder contactar cos profesionais, estudantes e persoas de referencia ou familiares pertencentes ao programa.

4.6.5 Desenvolvemento do traballo de campo

Unha vez que se ten acceso ao campo, nos meses de Maio, Xuño, Xullo e Agosto do 2019, para a parte cuantitativa, esperárase a recepción dos diferentes cuestionarios vía e-mail, para a súa posterior análise.

Mentres que, para a parte cualitativa, contactárase cos diferentes participantes do estudo pertencentes a *“Espazo Compartido”*. Ofreceráselles toda a información acerca do obxectivo e finalidade do estudo e entregaráselles a folla de información ao participante, quedando a súa disposición para responder calquera tipo de dúbida que poida xurdir. Se a persoa acepta a participación no estudo, procederáase a realizárselle unha entrevista semiestructurada gravada en audio. Para iso, solicitarase

unha autorización para o consentimento da gravación. Unha vez finalizada a recollida de datos, procederáse a codificación e eliminación das gravacións, co fin de garantir a confidencialidade dos informantes.

A medida que se van realizando as diferentes entrevistas, a investigadora utilizará un caderno de campo onde anotará aqueles aspectos máis relevantes.

4.6.6 Análise de datos

Simultaneamente, nos meses de Agosto, Setembro e Outubro do 2019 analizaranse os cuestionarios e ditas entrevistas facendo uso dos programas informáticos necesarios, como son o SPSS e o Atlas-ti.

4.6.7 Informe final e difusión dos resultados

Coa información recadada, nos meses de Outubro, Novembro e Decembro do 2019 realizarase un informe final cos resultados obtidos na investigación e a conclusión do mesmo.

Así mesmo, para que a comunidade científica coñeza os resultados da investigación, procederáse a súa divulgación en congresos e revistas relacionadas co ámbito da TO e da DI.

Asemade, os participantes que anteriormente manifestaron querer coñecer os resultados, serán informados dos mesmos.

4.7 Aplicabilidade

Con esta investigación pretendese recadar información para coñecer a situación actual dos diferentes programas de formación sociolaboral para persoas con DI que existen no ámbito nacional, tentando identificar os puntos fortes e de mellora dos mesmos.

Así mesmo, indagarase na efectividade destes para a inclusión laboral das persoas con DI, coñecendo os datos de alumnos/as con emprego e os ámbitos nos que se sitúan.

Por outra banda, afondarase na labor que exerce a figura do terapeuta ocupacional nestas formacións, no referente á adquisición da autonomía

nas actividades da vida diaria que repercutirán directamente e favorablemente na adquisición das habilidades laborais.

Todo isto terá un impacto directo nas diferentes formacións, as cales poderán coñecer a importancia de incluír estes profesionais, así como, recoñecer os aspectos a mellorar no propio proxecto.

5. Plan de traballo

A continuación, presentase o cronograma coas diferentes etapas do proceso e a súa duración (Táboa VII) .

Táboa VII. Cronograma do traballo

	2018				2019												
	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec	
Procura bibliográfica	■	■	■	■	■												
Deseño do proxecto	■	■	■	■	■												
Solicitud do comité de ética						■											
Acceso ao campo							■	■	■								
Desenvolvemento do traballo de campo									■	■	■	■					
Análise dos datos												■	■	■			
Informe final e difusión dos resultados														■	■	■	

6. Aspectos éticos – legais

No presente traballo de investigación garántense os aspectos éticos conforme as investigacións con persoas en función do que recolle a Declaración de Helsinki (36). Tamén se garante a protección da intimidade e a confidencialidade dos datos, conforme o Regulamento Xeral de Protección de Datos da UE 2016-679, do 27 de Abril do 2016, en referencia ao tratamento, protección e circulación dos mesmos (37) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (38).

O presente estudo cumpre e respecta os códigos éticos da TO conforme o Código de Ética da TO da WFOT (39) e o Código de Ética e Deontolóxico do Convenio de Colaboración de Organizacións de TO, conformado por Colexios e Asociacións a nivel estatal (40).

Para comezar co desenvolvemento do traballo de investigación, solicitarase a autorización ao CAEIG pertencente ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Posteriormente, realizarase o proceso de consentimento informado cos participantes. Para este proceso elaborouse unha folla de información para cada un dos grupos pertencentes ao estudo, é dicir, un para as persoas con DI (ver apéndice V), outro para as persoas de referencia da persoa con DI (ver apéndice VI) e outro para os profesionais (ver apéndice VII). Para que as persoas poidan participar no estudo, deben ler esta folla de información, facer as preguntas que consideren oportunas á investigadora, comprender todos aspectos do estudo e dar o seu consentimento para que a súa participación sexa libre, voluntaria e anónima. Para isto, é necesario que unha vez que acepten a participación no estudo firmen o documento de consentimento e no caso das persoas en situación de incapacidade legal, será o representante legal o encargado de firmar este consentimento (ver apéndice VIII).

No caso das persoas con DI, optouse por adaptar á lectura fácil, os fragmentos máis relevantes da folla de información ao participante. Asemade, para aquelas persoas con DI que estean en situación de incapacidade legal, inclúese un documento de asentimento (ver apéndice IX) que permite que a persoa con DI manifieste de forma explícita a súa conformidade coa participación no estudo. Todo isto, para favorecer a comprensión da información e garantir o dereito a libre toma de decisións, tal como establece o artigo 6. respecto a autonomía das persoas con discapacidade do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (9). Nel, afirmase que os consentimentos deberanse efectuar en formatos adecuados e de acordo coas circunstancias persoais, seguindo o principio do deseño universal, de maneira que resulte accesible e comprensible para todos/as.

As persoas que participen no estudo deben coñecer o dereito de acceso permanente aos seus datos que poden modificar, cando consideren oportuno e o acceso os resultados unha vez que termine o estudo. Tamén teñen o dereito a abandonalo, en calquera momento, sen que isto repercuta na súa persoa.

Por outra banda, os datos obtidos das entrevistas individuais serán anonimizados, mediante códigos alfanuméricos, tal como se especificou no apartado **4.5 Análise de datos**, permitindo que unicamente a investigadora principal coñeza a identidade dos participantes. As gravacións de audio realizaránse baixo o total consentimento e aprobación dos participantes do estudo, os cales, tiveron que firmar unha autorización. No caso das persoas con DI en situación de incapacidade legal, será o seu representante legal o que firme dito consentimento (ver apéndice X), aínda que a persoa con DI firme o documento de asentimento (ver apéndice IX). Finalmente, os audios e os datos de identidade serán destruídos por completo ao finalizar o proceso de análise.

7. Plan de difusión dos resultados

Os resultados obtidos no presente traballo de investigación divulgaranse en diferentes revistas nacionais e internacionais, así como en congresos que teñan relación co ámbito da DI, a educación, o emprego e a TO.

Tamén se procederá a comunicar os resultados as entidades participantes no estudo que así o manifestasen no consentimento informado.

7.1 Revistas

7.1.1 Revistas nacionais

- Revista de Terapia Ocupacional Galicia (TOG)
- Revista Informativa da Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionais (APETO).
- Siglo Cero. Revista Española sobre Discapacidade Intelectual.
- Revista Española de Discapacidade (REDIS).
- Así Somos. Revista de actualidade da ONCE e a súa fundación.
- Revista da editorial Polibea.

7.1.2 Revistas internacionais

- American Journal of Occupational Therapy (JCR 2017: 2,493; SJR 2017: 0,821)
- Scandinavian Journal of Occupational Therapy (JCR 2017: 1,162; SJR 2017: 0,591)
- Australian Occupational Therapy Journal (SJR 2017: 0,59)
- Canadian Journal of Occupational Therapy (JCR 2017: 1,327; SJR 2017: 0,626)
- Journal of Intellectual Disability Research (JCR 2017: 2,026; SJR 2017: 0,981)
- Journal of Autism and Developmental Disorders (JCR 2017: 3,476; SJR 2017: 1,81)
- Review Journal of Autism and Developmental Disorders (JCR 2017: 1,475; SJR 2017: 0,722)
- Revista Chilena de TO

7.2 Congresos

7.2.1. Congresos nacionais

- XX Congreso Nacional de Estudiantes de TO 2020 (CENTO).
- X Congreso Internacional de Estudiantes de TO (CIETO).
- VI Congreso Internacional de TO (CITO).
- V Congreso Internacional Universidade e discapacidade. Fundación ONCE.
- XI Xornadas Científicas Internacionais de investigación de persoas con discapacidade.
- VI Congreso sobre emprego cualificado, autoemprego e emprendemento das persoas con discapacidade.
- III Congreso Nacional de dereito da discapacidade. Avanzando na inclusión.

7.2.2. Congresos internacionais

- 18º Congreso Mundial de TO, organizado pola Federación Mundial de terapeutas ocupacionais (WFOT): París, 2022.
- XIV Congreso Confederación Latinoamericana de TO (CLATO)
- Conferencia Anual da Asociación Americana de TO (AOTA)
- 2º Congreso Consello de Terapeutas Ocupacionais para os Países Europeos- Red Europea da TO na Educación Superior (COTEC-ENOTHE): Praga, 2020.

8. Financiamento da investigación

8.1. Recursos e presupostos necesarios

Na Táboa VIII, aparece o gasto total estimado para á investigación:

Táboa VIII. Recursos e presuposto da investigación

Recursos		Coste (€)
Recursos Humanos	Terapeuta Ocupacional (media xornada)	1.229,16 € x 16 meses = 19.666,56 €*
Material inventariable	Ordenador portátil	500
	Gravadora	40
	Teléfono móbil	150
	Impresora	100
	Disco duro externo	60
Material funxible	Material de papelería	200
	Gastos de reprografía	200
Contratación de servicios	Internet	25 €/mes x 9 meses = 225 €
	Atlas ti y SPSS	75 + 95,53 = 170,53 €
Difusión de resultados	Inscripción a congresos	1.500
	Publicacións en revistas	1.200
	Desprazamentos	1.000
	Dietas	500
Imprevistos	5% do total	1.275,6045
TOTAL		26.787,6945 €

*Coste establecido por Instituto Carlos III para profesionais titulados medios. Inclúense nesta estimación os costes da Seguridade Social. 29.500 € anuais a xornada completa.

8.2. Posibles fontes de investigación

8.2.1. Carácter Público

- Ministerio de economía, industria e competitividade: Axudas de Acción Estratéxica de Saúde. A súa finalidade é contribuír a fomentar a saúde e benestar da cidadanía, así como desenvolver os aspectos preventivos, diagnósticos, curativos, rehabilitadores e paliativos da enfermidade. Consta de unha contía total de 115.260.896,27 €, de carácter estimado e condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento de resolución da concesión e que se repartirá entre todos os proxectos.

8.2.2. Carácter Privado

- Obra Social “La Caixa”: “Proxectos de iniciativas sociais. Promoción da autonomía persoal e a atención ao envellecemento, a discapacidade e a enfermidade”. Dentro das liñas de actuación que promove, o proxecto enmarcaríase no de promoción da autonomía persoal, o desenvolvemento psicosocial e a vida independente. Financian ata o 75% do proxecto, con un presuposto máximo de 40.000 € para cada entidade.
- Premio de Investigación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Castilla y León (COPTOCYL): Estes premios están dirixidos a impulsar o desenvolvemento da profesión no campo da investigación. Premiase aqueles estudos finalizados que estean relacionados con algún dos aspectos que competen á disciplina da TO.
- Convocatoria de axudas a investigación no ámbito de intervención da TO do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Castela a Mancha (COFTO - CLM). A convocatoria destas becas de investigación ten por obxecto promover, divulgar e potenciar a TO, dende as perspectivas científica, cultural, laboral e investigadora. Concederase unha contía máxima de 2.000 €.
- Axudas a proxectos de investigación en TO do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Extremadura (COPTOEX). A convocatoria destes premios está encamiñada á promocionar proxectos de

investigación que poidan levar a cabo os terapeutas ocupacionais en calquera dos seus ámbitos de actuación. Concederanse dúas axudas de 1.500 € cada unha.

9. Agradecementos

En primeiro lugar, gustaríame agradecerlle as miñas titoras, Beti e Sonia, grandes profesionais que fixeron realidade que terminara este proxecto. Beti, moitas grazas pola dedicación, o esforzo e por saber transmitir tan ben os coñecementos da nosa profesión. Sonia, moitas grazas polos consellos e por acollerme na familia do Cufie.

A miña familia, especialmente, aos meus padriños, Belén e a meu irmán Jorge, moitas grazas por confiar en min, por ser un pilar fundamental na miña vida e por estar ahí sempre que o precisei.

As miñas nenas da facultade, Andrea, Uxía e Diana, de cada unha de vos lévome moi bos recordos, moitas grazas por estar presentes tamén neses altibaixos ao longo da carreira. Sodes un apoio incondicional e este só e o comezo para unha nova etapa xuntas no mundo laboral.

A Tamara, porque a experiencia que vivimos en Chile demostroume que eres unha desas persoas que non pode faltar na miña vida. Moitas grazas, por acompañarme nesta etapa e que espero que sexa o principio dunha longa historia.

Por último, grazas a todos os docentes da carreira que durante estes catro anos me axudaron a conformarme como unha profesional da Terapia Ocupacional.

Apéndices

Apéndice I. Abreviaturas

- **DI:** Discapacidade Intelectual
- **NEAE:** Necesidades Específicas de apoio educativo
- **PCPI:** Programa de Cualificación Profesional Inicial
- **FBP:** Formación Profesional Inicial
- **TIC:** Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns
- **DC:** Discapacidade Cognitiva
- **TO.:** Terapia Ocupacional
- **LGD:** Lei Xeral das persoas con discapacidade e a súa inclusi3n social.
- **WFOT:** Federaci3n Mundial de Terapeutas Ocupacionais.
- **AOTA:** Asociaci3n Americana de Terapia Ocupacional
- **CAEIG:** Comiti3 Auton3mico de tica de Investigaci3n Clnica de Galicia.
- **SERGAS:** Servizo Galego de Sade.

Apéndice II. Competencias de “Espazo Compartido”

Fonte: Extraído do documento “Espazo Compartido: Repensando el diseño de un programa formativo para personas con discapacidad cognitiva en la UDC” (32).

Competencias	Definición
Xestión do tempo	Organizar e distribuír o tempo do que se dispón dunha forma eficaz e práctica, en función das prioridades.
Xestión do entorno	Buscar, identificar e utilizar os servicios e recursos do entorno dunha forma proveitosa.
Xestión do diñeiro	Identificar e manexar os billetes e moedas de euro, así como organizar e/ou xestionar un presuposto económico.
Identidade e autocoñecemento	Tomar conciencia de quen é un mesmo, así como dos recursos persoais que ten ou pode ter.
Autonomía	Tomar e desenvolver decisións persoais, tendo en conta as normas de convivencia.
Iniciativa para a acción	Participar e iniciar unha acción, abrindo novas posibilidades ou liñas de actuación/pensamento.
Traballo en equipo	Colaborar de forma comprometida con outras persoas co fin de realizar unha tarefa común, adaptándose os diferentes roles e realizando aportacións.
Comunicativa	Capacidade de producir e comprender textos orais e escritos facendo un uso da linguaxe funcional e adaptado ao contexto.
Aprender a aprender	Conciencia do propio aprendizaxe e capacidade para aprender de forma permanente e autónoma a través das

	experiencias e técnicas e estratexias de estudo.
Competencia tecnolóxica/dixital	Manexar dispositivos e aplicacións dixitais coa finalidade de informarse, comunicarse e aprender facendo un uso responsable dos mesmos, así como da información.

Apéndice III. Cuestionario para os proxectos de formación socio-laboral para persoas con DI

CUESTIONARIO PARA LOS DIFERENTES PROYECTOS, A NIVEL ESTATAL, DE FORMACIÓN SOCIO-LABORAL PARA PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL

Fecha:/...../.....

Nos gustaría que respondieses a las siguientes preguntas para poder valorar el contexto de la situación actual en España en lo referente a los programas de formación socio-laboral para las personas con discapacidad intelectual.

Nombre de la institución:

Código:

1. Especifique los años que lleva en marcha el programa de formación sociolaboral para personas con discapacidad intelectual del que forma parte:
 - 2 años o menos
 - 2-4 años
 - 4-6 años
 - Más de 6 años
2. ¿El proyecto cuenta con el desarrollo de prácticas en empresas?
 - Sí
 - No
3. Especifique la duración total del programa, incluyendo el período de prácticas.
 - 1 año
 - 2 años
 - 3 años
 - Otra duración. Indique cuál:
4. ¿Con cuántos estudiantes por curso cuenta el proyecto?
 - Menos de 10 estudiantes.

- Entre 10 y 15 estudantes.
 - Entre 16 y 20 estudantes.
 - Más de 20 estudantes.
5. ¿Cuál es la edad del alumno mayor que ha participado o participa en el programa? ¿Y la edad del alumno menor?
6. ¿Cuántos estudantes tienen los estudios básicos?
- Menos de 10 estudantes.
 - Entre 10 y 15 estudantes.
 - Entre 16 y 20 estudantes.
 - Más de 20 estudantes.
7. ¿Cuántos estudantes tienen estudios superiores?
- Menos de 10 estudantes.
 - Entre 10 y 15 estudantes.
 - Entre 16 y 20 estudantes.
 - Más de 20 estudantes.
8. ¿Alguno de los estudantes tiene experiencia profesional previa? Si la respuesta es afirmativa, ¿Cuántos son y en qué ámbito?
- Sí
 - No
9. Para acceder al programa, ¿se hace un proceso de selección de los estudantes?
- Sí
 - No
10. En caso de haber contestado de forma positiva, indique si se valoran las siguientes cuestiones: (Respuesta múltiple)
- Actividades de la vida diaria
 - Autonomía
 - Lectoescritura
 - Conocimientos matemáticos básicos
 - Entrevistas personales

- Outros. Especifique cuál:
11. ¿Se realizan valoraciones iniciales y finales para conocer la evolución de los participantes en el programa? En caso afirmativo, indicar cuáles:
- Sí
 - No
12. ¿Existen algunas competencias sobre las que se trabaje para alcanzar el objetivo final del programa? De ser afirmativo, ¿cuáles son?
- Sí
 - No
13. ¿Con qué profesionales cuenta para el desarrollo del proyecto?
Respuesta múltiple.
- Graduado en magisterio
 - Educador social
 - Terapeuta ocupacional
 - Psicólogo
 - Logopeda
 - Psicopedagogo
 - Otros. Indique cuál:
14. ¿Añadiría alguna figura profesional? De ser afirmativo, indique cuál y el motivo por el cual lo añadiría.
15. De las promociones anteriores, ¿Cuántos alumnos trabajan actualmente?
- Ninguno
 - Entre 1 y 5 personas
 - Entre 6 y 10 personas
 - Entre 11 y 20 personas
 - Entre 21 y 30 personas
 - Más de 30 personas

GUIÓN DE ENTREVISTA PARA AS FAMILIAS OU PERSOA DE REFERENCIA DA PERSOA CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Data:/...../.....

Idade:

Xénero:

Código:

Parentesco coa persoa de “Espazo Compartido:

- Que é para vostede o proxecto de “Espazo Compartido”?
- Coñece as competencias que se traballan en “Espazo Compartido”? Cite as que coñeza.
- Considera que a persoa con DI que vostede coñece mellorou nalgunha destas áreas? Indique en cales.
- Dende que a persoa está en “Espazo Compartido”, Levou a cabo algún cambio na súas actividades da vida diaria e no seu contexto familiar e social? Cite algún exemplo.
- Cales son os estudos alcanzados pola persoa con DI que vostede coñece?
- Antes de formar parte de “Espazo Compartido”, Como foi o proceso de escolarización da persoa con DI que vostede coñece? Considera que se logrou unha inclusión educativa?
- Que aspectos considera que son importantes para unha persoa con DI á hora de encontrar emprego?
- A persoa que forma parte do proxecto “Espazo Compartido” Tivo algunha experiencia laboral previa? Conte como foi esa experiencia.
- Pode describir os puntos fortes e de mellora que percibe do programa de “Espazo Compartido” en base a súa experiencia.
- Que aprendizaxe destacaría que obtivo a persoa con DI que vostede coñece en “Espazo Compartido”
- Coñece a figura profesional do terapeuta ocupacional? Que cree que pode aportar nun programa como “Espazo Compartido”?

GUIÓN DE ENTREVISTA PARA OS PROFESIONAIS IMPLICADOS

Data:/...../.....

Profesión:

Xénero:

Idade:

Código:

- Que é para vostede “Espazo Compartido”?
- Comente como é o funcionamento (horario de clases, materias impartidas, reunións...) dunha semana normal no proxecto.
- Coñece cales son estudos cos que proveñen os/as alumnos/as? Ten constancia de como foi o seu proceso educativo? Comente algo deste aspecto.
- No referente ao centro no que se desenvolve o proxecto, Considera que é adecuado para este fin? Como é a inclusión cos compañeiros e docentes da facultade? Relate algunha experiencia referente a isto.
- Dende o comezo de curso, Notou algunha melloría nos/nas alumnos/as en canto as competencias propostas por “Espazo Compartido”? Indique algún exemplo.
- No período de vacacións ou co comezo do novo curso, Os/as alumnos/as ou os seus familiares/persoas de referencia afirman que puxeron en practica os novos coñecementos ou pola contra olvidaronse do aprendido? Comente algunha experiencia
- Considera que ao finalizar o programa se acadan as habilidades persoais, sociais e as competencias básicas necesarias para un acceso ao mundo laboral?
- Ten coñecemento de que os alumnos/as que xa remataron a formación teñan emprego ou estean en procura activa do mesmo? De ser afirmativo, En que ámbito se desenvolven?
- Que aporta cada un dos perfís profesionais do proxecto ao equipo? Considera que se deberían engadir algunha figura profesional? De ser afirmativo, Cal?
- Cales consideras que son os aspectos destacables do proxecto? Que aspectos considera que se deben mellorar?

Apéndice V. Folla de información ao participante: Persoa con Discapacidade intelectual

FOLLA DE INFORMACIÓN AO PARTICIPANTE NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO DO ESTUDO: “Novas oportunidades para a mellora da empregabilidade en persoas con discapacidade intelectual: Programas de formación sociolaboral”.

INVESTIGADORA: Lara Cancio Fernández

CENTRO: Espazo Compartido: Programa de Formación Sociolaboral para persoas con discapacidade cognitiva.

Son Lara Cancio Fernández, unha estudante de 4º de Terapia Ocupacional que teño que facer un traballo para a universidade.

Este documento ten por obxecto ofrecerlle información sobre un **estudo de investigación** no que se lle invita a participar. Este estudo foi aprobado polo Comité de Ética da investigación de

_____.

Este estudo forma parte do traballo de fin de grado de Terapia Ocupacional da alumna Lara Cancio Fernández coa cotutorización da terapeuta ocupacional Betania Groba González e a psicopedagoga Sonia Seijas Ramos.

Se decide participar no mesmo, debe recibir información personalizada da investigadora, **ler antes este documento** e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo. Se así o desexa pode levar o documento, consultalo con outras persoas e tomar o tempo necesario para decidir se participa ou non.

A participación neste estudo é completamente **voluntaria**. Vostede pode decidir participar ou non, se acepta facelo, pode cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen dar explicacións.

Asegurámoslle que esta decisión non afectará a relación cos profesionais sanitarios que o atenden nin os servizos aos que vostede ten dereito.

A túa participación é voluntaria. Se nalgún momento decides non participar só tes que dicilo.

¿Cal é o propósito do estudo?

O obxectivo de esta investigación é analizar o contexto da situación actual a nivel nacional dos diferentes programas de formación sociolaboral para persoas con discapacidades intelectual. A maiores, a nivel local, valorárase o impacto producido nos participantes de “Espazo Compartido” no referente a adquisición da autonomía e habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.

Todo isto, ca finalidade de coñecer os puntos fortes e de mellora nos proxectos e así prestar un adecuado servizo para que vostede acade un posto de traballo mellor cualificado. Por iso, é necesario a participación de varios grupos de persoas que poidan aportar a súa visión acerca do programa.

Estudar cómo funciona “Espazo Compartido” e os programas similares existentes en España.

¿Por que me ofrecen participar a min?

Es invitado/a a participar porque es un alumno no programa “Espazo Compartido” de formación sociolaboral para persoas con discapacidade cognitiva.

Podes participar porque eres un alumno/a de “Espazo Compartido”

¿En que consiste a miña participación?

Acudirás a unha reunión ca investigadora no Centro Universitario de Riazor. Nesta reunión realizarás unha entrevista con preguntas acerca do programa “Espazo Compartido”.

Tratase dunha entrevista anónima, pero que será gravada, sempre e cando aceptes dita gravación, para asegurar que se recollen as palabras exactas que dis.

A túa participación no estudo limitarase ao tempo da realización da entrevista, unha duración de entre 45 a 60 minutos.

Faras unha entrevista no Centro Universitario de Riazor. A entrevista será grabada e necesito o teu permiso.

¿Que molestias ou inconvenientes ten a miña participación?

O estudo non comporta ningún risco para a saúde. Só terás que acudir a cita ca investigadora e responder as preguntas que esta lle faga durante a entrevista.

O traballo non afecta a túa saúde, só terás que responder as preguntas da entrevista.

¿Obtereire algún beneficio por participar?

Non se espera que obteñas un beneficio directo por participar no estudo.

A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre o funcionamento dos programas de formación socio-laboral para persoas con discapacidade intelectual.

Esta información será de utilidade en un futuro para os próximos participantes nos programas deste tipo.

Non obterás ningún beneficio directo por participar no estudo.

¿Recibirei a información que se obteña do estudo?

Se o desexas, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

Se queres, contareiche os resultados

¿Publicaranse os resultados deste estudo?

A publicación será en formato de Traballo de Fin de Grao e publicarse no Repositorio da Universidade da Coruña (RUC).

Posteriormente, os resultados deste estudo remitiranse a publicacións científicas para a súa difusión, pero no se transmitirá ningún dato que poida levar a identificación dos participantes.

Os resultados publicaránse na universidade e en revistas científicas, pero ninguén saberá o teu nome.

¿Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?

A obtención, o tratamento, a conversación, a comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto polo Regulamento Xeral de Protección de Datos (Reglamento UE 2016-679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016) e a normativa española sobre a protección de datos de carácter persoal vixente.

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo seudonimizados (codificados), a seudonimización é o tratamento de datos persoais de maneira tal que no se poidan atribuír a un/unha interesado/a sen que use información adicional. Neste estudo soamente a investigadora, Lara Cancio coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

A normativa que regula o tratamento de datos de persoas, outórgalle o dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o

seu tratamento, restrinxilos ou solicitar a supresión dos mesmos. Tamén se pode solicitar unha copia destes ou que se remitida a terceiros (Dereitos de portabilidade).

Para exercer estes dereitos Vostede pode dirixirse ao investigador/a principal deste estudo, Lara Cancio. Así mesmo, vostede ten dereito a interpor unha reclamación se non se respectan estes criterios.

Unicamente, a investigadora principal ten o deber de gardar a confidencialidade e terá acceso a todos os datos recollidos polo estudo. Poderase transmitir a información a terceiros que non poida ser identificada. No caso de que algunha información se transmita a outros países, realizarase con un nivel de protección de datos equivalente, como mínimo, ao establecido pola normativa española e europea.

Ao finalizar o análises cualitativo do estudo e os prazos legais establecidos, os datos recollidos serán eliminados ou gardados anonimamente para o seu uso en futuras investigacións, segundo o que vostede escolla na folla de firma do consentimento.

Lara Cancio Fernández é a encargada de que nadie sepa os teus datos, tal e como dice a lei. Podes contactar con ela no correo electrónico: ou no teléfono:

¿Existen intereses económicos neste estudo?

A investigadora non recibirá retribución específica pola dedicación ao estudo. Ti non serás retribuído por participar e tampouco se xerarán beneficios económicos ou produtos comerciais.

Ninguén recibe diñeiro por este estudo.

¿Como contactar co equipo investigador deste estudo?

Vostede pode contactar con Lara Cancio Fernández no teléfono
.....ou no correo electrónico.....

Moitas Grazas pola súa colaboración

Apéndice VI. Folla de información ao participante: Persoa de referencia da persoa con Discapacidade Intelectual

FOLLA DE INFORMACIÓN AO PARTICIPANTE NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO DO ESTUDO: “Novas oportunidades para a mellora da empregabilidade en persoas con discapacidade intelectual: Programas de formación sociolaboral”.

INVESTIGADORA: Lara Cancio Fernández

CENTRO: Espazo Compartido: Programa de Formación Sociolaboral para persoas con discapacidade cognitiva.

Este documento ten por obxecto ofrecerlle información sobre un estudo de investigación no que se lle invita a participar. Este estudo foi aprobado polo Comité de Ética da investigación de _____.

Este estudo forma parte do traballo de fin de grado de TO da alumna Lara Cancio Fernández coa cotutorización da terapeuta ocupacional Betania Groba González e a psicopedagoga Sonia Seijas Ramos.

Se decide participar no mesmo, debe recibir información personalizada da investigadora, ler ante este documento e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo. Se así o desexa pode levar o documento, consúltalo con outras persoas e tomar o tempo necesario para decidir se participa ou non.

A participación neste estudo é completamente voluntaria. Vostede pode decidir participar ou non, se acepta facelo, pode cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen dar explicacións. Asegurámoslle que esta decisión non afectará a relación cos profesionais sanitarios que lle atenden nin os servizos aos que vostede ten dereito.

¿Cal é o propósito do estudo?

O obxectivo de esta investigación é analizar o contexto da situación actual a nivel nacional dos diferentes programas de formación socio-laboral para persoas con discapacidades intelectual. A maiores, a nivel local, valorarase

o impacto producido nos participantes de “Espazo Compartido” no referente a adquisición da autonomía e habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.

Todo isto, ca finalidade de coñecer os puntos fortes e de mellora nos proxectos e así prestar un adecuado servizo para que a persoa con discapacidade intelectual acade un posto de traballo mellor cualificado. Por iso, é necesario a participación de varios grupos de persoas que poidan aportar a súa visión acerca do programa.

¿Por que me ofrecen participar a min?

Vostede é invitado/a a participar porque é familiar dalgunha persoa inscrita no programa Espazo Compartido ou ben é unha persoa de referencia. Entendese este termo como aquela persoa que aínda que non sexa familiar, convive habitualmente coa persoa con Discapacidade Intelectual.

¿En que consiste a miña participación?

Vostede como participante terá que acudir a unha única reunión presencial ca investigadora, que se realizará no Centro Universitario de Riazor. Nesta reunión procederase a realizarlle unha entrevista con preguntas acerca do programa “Espazo Compartido” e como este incide no correcto desenvolvemento das habilidades necesarias para a vida laboral da persoa participante no programa. Trátase dunha entrevista totalmente anónima na que se codificarán os seus datos e ademais esta será gravada, sempre e cando autorice dita gravación, para asegurar que se transcriben as palabras exactas que vostede di.

A súa participación no estudo limitarase ao tempo necesario para a realización da entrevista. Estimase unha duración de entre 45 a 60 minutos.

¿Que molestias ou inconvenientes ten a miña participación?

O estudo non comporta ningún risco para a saúde, xa que non se realizarán procedementos invasivos. Unicamente terá que acudir a cita ca investigadora e responder as preguntas que esta lle faga durante a entrevista.

¿Obterei algún beneficio por participar?

Non se espera que vostede obteña un beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre o funcionamento dos programas de formación sociolaboral para persoas con discapacidade intelectual. Esta información poderá ser de utilidade en un futuro para os próximos participantes nos programas deste tipo.

¿Recibirei a información que se obteña do estudo?

Se vostede o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

¿Publicaranse os resultados deste estudo?

A publicación será en formato de Tralaballo de Fin de Grao e publicaranse no Repositorio da Universidade da Coruña (RUC).

Posteriormente, os resultados deste estudo remitiranse a publicacións científicas para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida levar a identificación dos participantes.

¿Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?

A obtención, o tratamento, a conversación, a comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto polo Regulamento Xeral de Protección de Datos (Reglamento UE 2016-679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016) e a normativa española sobre a protección de datos de carácter persoal vixente.

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo seudonimizados (codificados), a seudonimización é o tratamento de datos persoais de maneira tal que non se poidan atribuír a un/unha interesado/a sen que use información adicional. Neste estudo soamente a investigadora, Lara Cancio Fernández coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

A normativa que regula o tratamento de datos de persoas, outórgalle o dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o

seu tratamento, restrinxilos ou solicitar a supresión dos mesmos. Tamén se pode solicitar unha copia destes ou que esta se remitida a terceiros (Dereitos de portabilidade).

Para exercer estes dereitos Vostede pode dirixirse ao investigador/a principal deste estudo, Lara Cancio Fernández. Así mesmo, vostede ten dereito a interpor unha reclamación se non se respectan estes criterios.

Unicamente a investigadora principal ten o deber de gardar a confidencialidade, terá acceso a todos os datos recollidos polo estudo. Poderase transmitir a información a terceiros que non poida ser identificada. No caso de que algunha información se transmita a outros países, realizarase con un nivel de protección de datos equivalente, como mínimo, ao establecido pola normativa española e europea.

Ao finalizar o análises cualitativo do estudo e os prazos legais establecidos, os datos recollidos serán eliminados ou gardados anonimamente para o seu uso en futuras investigacións segundo o que vostede escolla na folla de firma do consentimento.

¿Existen intereses económicos neste estudo?

A investigadora non recibirá retribución específica pola dedicación ao estudo. Vostede non será retribuído por participar e tampouco se xerarán beneficios económicos ou produtos comerciais.

¿Como contactar co equipo investigador deste estudo?

Vostede pode contactar con Lara Cancio Fernández no teléfonoou no correo electrónico.....

Moitas Grazas pola súa colaboración

Apéndice VII. Folla de información ao participante: Profesionais

FOLLA DE INFORMACIÓN AO PARTICIPANTE NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO DO ESTUDO: “Novas oportunidades para a mellora da empregabilidade en persoas con discapacidade intelectual: Programas de formación sociolaboral”.

INVESTIGADORA: Lara Cancio Fernández

CENTRO: Espazo Compartido: Programa de Formación Sociolaboral para persoas con discapacidade cognitiva.

Este documento ten por obxecto ofrecerlle información sobre un estudo de investigación no que se lle invita a participar. Este estudo foi aprobado polo Comité de Ética da investigación de _____.

Este estudo forma parte do traballo de fin de grado de Terapia Ocupacional da alumna Lara Cancio Fernández coa cotutorización da terapeuta ocupacional Betania Groba González e a psicopedagoga Sonia Seijas Ramos.

Se decide participar no mesmo, debe recibir información personalizada da investigadora, ler ante este documento e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo. Se así o desexa pode levar o documento, consultalo con outras persoas e tomar o tempo necesario para decidir se participa ou non.

A participación neste estudo é completamente voluntaria. Vostede pode decidir participar ou non, se acepta facelo, pode cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen dar explicacións. Asegurámoslle que esta decisión non afectará a relación cos profesionais sanitarios que lle atenden nin os servizos aos que vostede ten dereito.

¿Cal é o propósito do estudo?

O obxectivo de esta investigación é analizar o contexto da situación actual a nivel nacional dos diferentes programas de formación sociolaboral para

persoas con discapacidades intelectual. A maiores, a nivel local, valorarase o impacto producido nos participantes de “Espazo Compartido” no referente a adquisición da autonomía e habilidades necesarias para un desempeño laboral efectivo.

Todo isto, ca finalidade de coñecer os puntos fortes e de mellora nos proxectos e así prestar un adecuado servizo co que a persoa con D.I acade un posto de traballo mellor cualificado. Por iso, é necesario a participación de varios grupos de persoas que poidan aportar a súa visión acerca do programa.

¿Por que me ofrecen participar a min?

Vostede é invitado/a a participar porque é un dos profesionais que imparten a docencia a diario ou ben persoal de dirección e administración do proxecto.

¿En que consiste a miña participación?

Vostede como participante terá que acudir a unha única reunión presencial ca investigadora, que se realizará no Centro Universitario de Riazor. Nesta reunión procederase a realizarlle unha entrevista con preguntas acerca do programa “Espazo Compartido” e como este incide no correcto desenvolvemento das habilidades necesarias para a vida laboral. Trátase dunha entrevista totalmente anónima na que se codificarán os seus datos e ademais esta será gravada, sempre e cando autorice dita gravación, para asegurar que se transcriben as palabras exactas que vostede di.

A súa participación no estudo limitarase ao tempo necesario para a realización da entrevista. Estimase unha duración de entre 45 a 60 minutos.

¿Que molestias ou inconvenientes ten a miña participación?

O estudo non comporta ningún risco para a saúde, xa que non se realizarán procedementos invasivos. Unicamente terá que acudir a cita ca investigadora e responder as preguntas que esta lle faga durante a entrevista.

¿Obterei algún beneficio por participar?

Non se espera que vostede obteña un beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre o funcionamento dos programas de formación sociolaboral para persoas con discapacidade intelectual. Esta información poderá ser de utilidade en un futuro para os próximos participantes nos programas deste tipo.

¿Recibirei a información que se obteña do estudo?

Se vostede o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

¿Publicaranse os resultados deste estudo?

A publicación será en formato de Traballo de Fin de Grao e publicarase no Repositorio da Universidade da Coruña (RUC).

Posteriormente, os resultados deste estudo remitiranse a publicacións científicas para a súa difusión, pero no se transmitirá ningún dato que poida levar a identificación dos participantes.

¿Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?

A obtención, o tratamento, a conversación, a comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto polo Regulamento Xeral de Protección de Datos (Reglamento UE 2016-679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016) e a normativa española sobre a protección de datos de carácter persoal vixente.

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo seudonimizados (codificados), a seudonimización é o tratamento de datos persoais de maneira tal que no se poidan atribuír a un/unha interesado/a sen que use información adicional. Neste estudo soamente a investigadora, Lara Cancio Fernández coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

A normativa que regula o tratamento de datos de persoas, outórgalle o dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o

seu tratamento, restrinxilos ou solicitar a supresión dos mesmos. Tamén se pode solicitar unha copia destes ou que se remita a terceiros (Dereitos de portabilidade).

Para exercer estes dereitos Vostede pode dirixirse ao investigador/a principal deste estudo, Lara Cancio Fernández. Así mesmo, vostede ten dereito a interpor unha reclamación se non se respectan estes criterios.

Unicamente a investigadora principal, que ten o deber de gardar a confidencialidade, terá acceso a todos os datos recollidos polo estudo. Poderase transmitir a información a terceiros que non poida ser identificada. No caso de que algunha información se transmita a outros países, realizarase con un nivel de protección de datos equivalente, como mínimo, ao establecido pola normativa española e europea.

Ao finalizar o análise cualitativo do estudo e os prazos legais establecidos, os datos recollidos serán eliminados ou gardados anonimamente para o seu uso en futuras investigacións segundo o que vostede escolla na folla de firma do consentimento.

¿Existen intereses económicos neste estudo?

A investigadora non recibirá retribución específica pola dedicación ao estudo. Vostede non será retribuído por participar e tampouco se xerarán beneficios económicos ou produtos comerciais.

¿Como contactar co equipo investigador deste estudo?

Vostede pode contactar con Lara Cancio Fernández no teléfono ou no correo electrónico.....

Moitas Grazas pola súa colaboración

Apéndice VIII. Consentimentos informados

DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO do estudo: “**Novas oportunidades para a mellora da empregabilidade en persoas con discapacidade intelectual: Programas de formación sociolaboral.**”

Eu,.....

- Lin a folla de información ao participante no estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con **Lara Cancio Fernández** e facer todas as preguntas sobre o estudo.
- Comprendo que a miña **participación é voluntaria**, e que podo retirarme do estudo cando queira, sin ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos meus coidados médicos.
- Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.
- Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo.

Ao rematar o estudo, os meus DATOS acepto que sexan:

- Eliminados.
- Conservados e anonimizados para usos futuros noutras investigacións.

Fdo.: O/a participante,

Fdo.: O/a investigador/a que solicita o consentimento

Nome e Apelidos:

Nome e Apelidos:

Data:

Data:

DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO INFORMADO PARA
REPRESENTANTE LEGAL DA PERSOA CON DI

TÍTULO do estudo: “Novas oportunidades para a mellora da empregabilidade en persoas con discapacidade intelectual: Programas de formación sociolaboral”.

Eu,.....
representante legal de.....

- Lin a folla de información ao participante no estudo arriba mencionado e que se me entregou, puiden conversar con Lara Cancio Fernández e facer todas as preguntas sobre o estudo.
- Comprendo que a súa participación é voluntaria, e que pode retirarse do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta no seus coidados.
- Accedo a que se utilicen os seus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.
- Presto libremente a miña conformidade para que participe neste estudo.

Ao rematar o estudo, os seus DATOS acepto que sexan:

- Eliminados.
- Conservados e anonimizados para usos futuros noutras investigacións.

Fdo.: O/a representante legal,

Fdo.: O/a investigador/a que solicita o consentimento

Nome e apelidos:

Nome e apelidos:

Data:

Data:

Apéndice IX. Documento de asentimento legal



Investigación en Espazo Compartido



Eu, _____



- Escoitei a explicación de Lara acerca da investigación.



- Eu decido participar na entrevista

Sí



Non



- Eu autorizo a grabación da entrevista

Sí



Non



Firma:

Participante

Investigadora

Apéndice X. Autorizacións para a gravación en audio da entrevista

AUTORIZACIÓN PARA A GRAVACIÓN EN AUDIO DA ENTREVISTA

Eu _____,
dou o meu permiso a investigadora Lara Cancio Fernández para o uso e gravación en audio da miña entrevista para o traballo de investigación que leva por título “Novas oportunidades para a mellora da empregabilidade en persoas con discapacidade intelectual: Programas de formación sociolaboral”. Esta gravación só será utilizada pola investigadora principal do estudo e unha vez finalizada a transcripción da mesma procederase a súa eliminación.

Fdo: O/a participante,

Fdo: A investigadora,

Nome e apelidos:

Nome e apelidos:

DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO PARA A GRAVACIÓN EN AUDIO
DAS ENTREVISTAS PARA REPRESENTANTE LEGAL

Eu _____,
representante legal de _____
autorizo á investigadora Lara Cancio Fernández para a gravación en audio da súa entrevista para o traballo de investigación que leva por título “Novas oportunidades para a mellora da empregabilidade en persoas con discapacidade intelectual: Programas de formación sociolaboral”. Esta gravación só será utilizada pola investigadora principal do estudo e unha vez finalizada a transcripción da mesma procederase a súa eliminación.

Fdo: O/a representante legal,

Fdo: A investigadora,

Nome e apelidos:

Nome e apelidos: